

# O MEU DEUS É CARI

TÍTULO,  
Náufragos en terra  
AUTOR,  
Xosé Manuel  
Martínez Oca  
EDITA,  
Xerais

Do melloriño que un leva lido nos últimos meses, malia que outra vez Martínez Oca dea na teima que lle teñen achacado os críticos serios e os sisudos profesores. A arela, a procura dun paraíso amoroso imposible, existente só nas lembranzas dun tempo xa ido e as conseguintes frustracións arrevoando no ar narrativo e abichando as psicoloxías



destes homes choídos nos ermos de infindas soidades. Non, aínda non cambiou o chip Martínez Oca e segue obsesionado con esa mesma e única temática de fondo das primeiras novelas (*Un ano e un día*, *A Fuxida*, *A chamada escura dos caborcos*) e dos máis recentes relatos.

Estes homes de Martínez Oca, náufragos nos sequelras conxugais do desamor, proseguen a devecer polo monoteísmo feminino. O Deus -non existen hoxe Deuses con maiúsculas- é Cari, e a señora branca e miudiña que facía doer na alma só de vela, e a Chelo, maternal e agarrimosa nos seus escrúpulos de pecadora que dividía o seu corazón, e Lucía que sabe a música baixiña e difusa, e Carme que se volve se llo perdoaría todo, e ata a guicha bordiona de sorriso piardeiro e dentes de lebre. Deuses como Iahvé-Baal bíblico dos

ceos, grandes propietarios dos corazóns, mais tamén, señores das tormentas e dos desertos, que por veces semellan entran na eterna alianza do amor e do desexo, pero que sempre acaban por arredarse e transcendela.

Daquela, a maina melancolía e o padal agriadoce que seguramente ficará no lector logo de se decatarse de como, unha e outra vez, a mestría narrativa de Martínez Oca, a súa pericia no emprego de encadros, no deseño de personaxes e no exercitar ricazmente a lingua, force sempre os camiños por onde transitan estas almas xêmeas que unha vez se atoparon coa felicidade. ¡Ah, e que continúe o fabulador a mergullarse con idéntica fondura no mesmo e único mar: o amor e todos os seus feitiços, milagres e abutacións!

f. MARTÍNEZ BOUZAS